

# PLASTIC MONSTERS



Apreciadas familias:

Como ben saberedes este curso estamos dándolle unha gran importancia á concienciación ambiental do noso alumnado a través do traballo sobre as 5R da reciclaxe, o cambio climático e o abuso no consumo de plásticos dun só uso.

Por elo desde a biblioteca pedimos a vosa colaboración para realizar unha actividade de concienciación sobre o abandono de residuos plásticos na contorna natural.

A idea xorde dunha campaña global de Greenpeace “no alimentos al monstruo de plástico”, dirixida contra Nestle e outros grandes produtores de envases.

Esta ONG propón que os usuari@s creen os seus propios monstruos de plástico en instagram para xerar un zumbido que presione aos líderes corporativos para que reduzan os envases de plástico de un só uso no mercado.

Desde o Cra queremos sumarnos a esta iniciativa coa vosa colaboración. Para elo que tes que facer?:

- ⇒ Busca en internet unha foto dun residuo plástico abandonado. (Debido ao confinamento cambiamos a proposta de buscalo na contorna por buscalo en internet)
- ⇒ Convérteo nun monstro (dixitalmente ou imprimindo e logo transformándoo manualmente)
- ⇒ Imprime o teu plasticmonster a tamaño A4 (podémoscho imprimir na escola se queres)
- ⇒ Ponlle un nome.
- ⇒ Escribe cales son os seus terribles poderes.

Moitas grazas pola vosa colaboración!!!



**Aquí tes algúns  
monstruosos  
exemplos  
elaborados  
dixitalmente.**

